

Vista a documentación presentada polos profesores Salvador Bará e M^a Victoria Otero Espinar como responsables académicos, respectivamente, das actividades de extensión cultural “Astronomía na Beirarrúa” e “Exposición RSME-IMAGINARY-Santiago” na que solicitan o recoñecemento de créditos ECTS para as ditas actividades, entendendo que responden aos criterios requiridos para tal fin e ao abeiro do punto 8 do Anexo I da Resolución Reitoral do 26/02/2013 de modificación dos Anexos I e II da Resolución Reitoral pola que se aproba o texto refundido sobre recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro

RESOLVO

- 1.- Recoñecer un máximo de 2 créditos ECTS (a razón de 1 por cada 25 horas) ao estudantado de Graos da USC que desenvolva unha participación activa acreditada nas actividades do programa “Astronomía na Beirarrúa”.
- 2.- Recoñecer 2 créditos ECTS ao alumnado de Grao de Matemáticas que desenvolvan durante 50 horas o labor de monitores da “Exposición RSME-IMAGINARY-Santiago”.

En Santiago de Compostela, a 16 de maio de 2013

O Vicerreitor de Estudantes, Cultura e Formación Continua



Asdo: Francisco Ramón Durán Villa



SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA